

pédico de Músicos en México, e na memoria *Artistas Guanajuatenses en el Festival Internacional Cervantino*. A súa música foi sido executada en lugares como: Cidade de México, Moscova, San Petersburgo, Múnich, Minsk, Estrasburgo, Madrid, Bergen, etc., por instrumentistas e directores como: Mary Kimura, Alla von Buch, Masha Kotimsky, Paolinna Hasslacher, Rodolfo Ponce, Irvine Arditti, Gonzalo Salazar, Ensamble Cello Alterno, Marlos Nobre, Fernando Lozano, Mario Rodríguez Taboada, Orquestra Sinfónica da Universidade de Guanajuato, Orquestra Xuvenil do Estado de México, Orquestra de Cámara da Universidade de Morelia, etc.

David Hernández (México, 1975). Estudou composición en París con Jean-Luc Hervé nos conservatorios de Boulogne-Billancourt e Nanterre así como na Universidade de Evry val d'Essone, e análise con Vincent Decleire no conservatorio de Sevran. En 2009 obtivo o diploma en composición no Conservatorio de Boulogne-Billancourt.

En 2000 foi gañador do 2.º Concurso Nacional de Composición SINFONICA promovido pola Fundación OMNI life e o FONCA (México) coa obra *Fantasia sinfónica* para orquestra. No 2010 foi gañador do concurso Nacional de Composición Miguel Bernal Jiménez (México) coa obra para orquestra *Son sueños*, e tamén obtivo o premio do III Concurso Internacional de Composición Jesús Villa-Rojo (España) coa obra *Nocturno II* para clarinete e trío de cordas; no 2011 gaña o Concurso Internacional de Composición Nuestra América convocado polo cuarteto de cordas José White coa obra *Algunos aspectos del deseo*. Foi seleccionado para representar a México nas Tribunas Internacionais de Compositores que organiza a UNESCO en Lisboa (2010) e en Viena (2011).

As súas obras foron interpretadas en Francia, España, Cuba, Estados Unidos de Norteamérica e México por grupos como: Court-circuit, Cuarteto José White, Formalist Quartet, o clarinetista mexicano Luis Humberto Ramos, Grup Instrumental de Valencia, Filarmónica Ciudad de México, Orchestre National de Lorraine, LIM de España e a violinista xaponesa Saori Furukawa, entre outros.

Participou en cursos de composición con maestros como Bruno Mantovani e Hughes Doufour, no centro Acanthes en Metz (Francia), e Luca Francesconi, Yan Maresz e Jesús Rueda, en Mollina (España).

Ramón Souto (España, 1976). Tras graduarse no Conservatorio Superior de Música de Vigo e no CLEM de Barcelona crea a música dos espectáculos do grupo de teatro Artello *De fábula e Polgariño* e úñese á plataforma experimental BAUR coa que participa en accións que alternan improvisación libre, rock progresivo ou free-jazz.


Paralelamente presenta a súa obra en festivais internacionais como Encontro de Compositores Iberoamericanos Injuve, Villafranca, Acanthes, Festival de Música Española de Cádiz e recibe sempre un recoñecemento unánime e premios como a mención de honra no 2008 Ossia International Composition Competition (Nova York).

A súa estética nútrese de influencias artísticas e pensamentos diverxentes co afán de abranguer todos os ámbitos do humano e entender e explicarse a un tempo. Esa procura en constante reformulación achégase ao audible sen prexuízos, cunha marcada conciencia expresiva e un sentimento profundo da beleza, a transgresión, o límite...

www.ramonsouto.com

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Alessandra Rombolá *frautas* / Pablo Coello *saxofóns* / Rubén Barros *guitarra eléctrica* / Anne Schlossmacher *viola* / Diego Ventoso e Juan Collazo *percusión*



MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea. Martes, 5 xuño 2012

Mesa redonda coa participación de Nadir Vassena,

Hernández Ramos e Ramón Souto, 18:30 h

Concerto, 20:30 h

RECOLECCIÓN

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Dmitri Kourliandski *Danc[e]inG** (2005)

frauta, saxofón, viola, percusión e electrónica en vivo

Nadir Vassena *muti inverni dell'anima** (2006)

frauta, saxofón, viola, guitarra eléctrica e percusión

Javier G. Compeán *Solo II*** (2012)

percusión

David Hernández Ramos *Chiaroscuro*** (2012)

frauta, viola e percusión

Ramón Souto *Apertas para Matta-Clark*** (2012)

frauta, saxofón, viola, guitarra eléctrica e percusión

A min interésame a arte contemporánea porque nos fala do noso tempo e de nós mesmos, porque crea e desenvolve linguaxes que poden explicarnos, de maneira nova, o mundo que nos tocou vivir e do que a miúdo só rozamos a superficie.

Helga de Alvear

Recolección: Acción e efecto de recoller [certas cousas].

Diccionario da Real Academia Galega

Helga de Alvear foi adquirindo obras que, independentemente do seu autor, lle interesan polos avances artísticos que representan, porque van ao encontro dos seus intereses ou porque constitúen un reflexo conceptual ou metafórico do mundo en que vivimos [...] A colección non se concibe como un conxunto cerrado e definitivo. Pola contra, permanece en constante crecemento para responder a ese desexo de acompañar as transformacións e desenvolvimentos actuais e futuros da arte contemporánea

Extracto do folleto da exposición De la generosidad. Colección Fundación Helga de Alvear

*Presentación en España / **Estrea absoluta. Encarga de Vertixe Sonora

O programa hoxe presentado por Vertixe Sonora Ensemble é froito dun exercicio de recolección de diversas propostas musicais e participa do espírito da colección Fundación Helga de Alvear na procura de linguaxes que expliquen o mundo actual, de avances artísticos que constitúan "un reflexo conceptual ou metafórico do mundo en que vivimos" co desexo de "acompañar as transformacións e desenvolvimentos actuais e futuros da arte contemporánea". Estes presupostos levan aos compositores mexicanos Hernández Ramos (1975) e González Compeán (1978) e ao galego Ramón Souto (1976) a movérense lentamente polos seus persoais e máis auténticos presupostos artísticos, tomando prestadas obras de Jorge Queiroz, Robert Motherwell e Gordon Matta-Clark presentes na exposición *De la generosidad*.

É esta ademais unha ocasión para presentar en España a música de Dmitri Kourliandski (Rusia, 1976) e de Nadir Vassena (Suiza, 1970) con dúas obras recolectadas do seu catálogo recente e que representan "as transformacións e desenvolvimentos actuais" da música contemporánea nos seus países.

AS OBRAS

Danc[e]linG. A idea desta peza era crear unha estrutura rítmica complexa que fose imposible de executar con precisión. Deste xeito o texto convértese nun obxecto ideal, pero imposible de acadar, que os músicos tratan de imitar. Na súa orixe está nunha especie de diálogo coa idea dunha "nova complejidade", pero na miña propia maneira de tratar a música como fenómeno escultórico—a peza musical funciona como un obxecto cinético; sería como o intento de reproducir os xestos dos bailaríns.

Dmitri Kourliandski

muti inverni dell'anima. Sutileza sonora e contención rítmica discorren paralelamente ao longo de toda a partitura. Unha meticolosa imbricación tímbrica entre os cinco instrumentos desenvólvese nunha aparente inmobilitade; pero por debaixo da superficie, nas profundidades do son (ou da alma), algo está en continuo movemento e transformación; un permanente latexo que en ocasións aflora dun xeito enérxico pero coa contención dun estado de letargo permanente.

Solo II. O lapis de Queiroz móvese na páxina nun fluxo gráfico de consciencia. Os seus universos psicolóxicos e ficcionarios conteñen corpos híbridos e obxectos que habitan espazos indeterminados [...] nunha conflagración imposible de perspectiva.

Extracto do boletín de prensa da exposición Jorge Queiroz (Thomas Dane Gallery, Londres, 10/09/2008 - 04/10/2008); tradución libre de Javier G. Compeán

O segundo dos meus solos para percusionista, comisionado por Vertixe Sonora Ensemble e polo compositor Ramón Souto, traza reminiscencias da obra do artista visual Jorge Queiroz. A serie *Solo*, para percusionista, establece procesos de expansión e contracción, así como a hibridación motivica do material exposto.

Javier G. Compeán

Chiaroscuro. Nesta obra pretendo nun sentido moi persoal ligar o meu pensamento sonoro e o *tenebrismo* da obra *Iberia* de Robert Motherwell, pertencente á serie do mesmo título que lle dedicou á guerra civil española. Inmenso e obsesivo lamento fúnebre que lle ocupou toda a súa vida e ao que adicou varias series de pinturas negras.

E relaciono a súa obra con outro tenebrismo, o de Caravaggio: unha desobediente luz paseando sobre unha voluptuosa Venus e unha canción que nos remite á escuridade que todo o inunda.

O título *Chiaroscuro* serve para tomar ao espectador da man e guialo a un nivel case onírico. Fala das relacións sonoras coa luz e coa sombra, da existencia do que se ve e o que se oculta na sombra.

No encabezamento da partitura, un epígrafe do filósofo mexicano Sergio Espinosa Proa que di: *A existencia é o premio co que se castiga o azar.*

David Hernández

Apertas para Matta-Clark. Sinto especial simpatía polos proxectos loucos cos que Matta-Clark envolveu a súa estancia entre nós.

Grazas por reivindicar soños coma eses...

Bule! A bulldozer axiña ha rematar, e tamén a morte coa súa formación precisa.

Voltaremos a atoparnos nas ramas discurrindo aventuradas manobras en franca humanidade. Un vento miúdo empana as follas. Foi divertido acompañarme a ti irmán tan lonxe (balanceo holístico con respiración plena).

Bravo! Así de suxa a renuncia a estilizados movementos de cámara. Son formas de tortura tan sutis—seica afogan sen remorso, espazo non sobra—. Mais non teñas medo. Rubir por unha árbore é descubrir unha solución para o mundo.

Alguén vibra? Á pobreza sempre. Dignidade no gueto.

Querido Gordon,

Ramón Souto

OS COMPOSITORES

Dmitri Kourliandski (Rusia, 1976). Graduado polo Conservatorio de Moscú e post-graduado no curso dirixido por Leonid Bobylev. As súas composicións foron recoñecidas con premios en Rusia, Francia e Gran Bretaña. Entre os seus galardóns destaca o concurso internacional *Gaudeamus* de Holanda en 2003 e o Gianni Bergamo de Suiza en 2010 e do concurso de composición operística Johann Joseph Fux en 2011.

A súa música é frecuentemente interpretada en concertos e festivais da importancia do *Donaueschingen*, *MaerzMusik*, a Bienal de Venecia, Strasbourg, Huddersfield, *Athens festival*, *Archipel* (Xénova), *Klangspuren Schwaz*, *Elektra Montreal*. É ademais difundida por todo o mundo, incluíndo monográficos na *France Musique*, *Deutschlandradio Kultur*, RBB, Radionova (Noruega), CKUT (Canadá) e outros. Traballou cos directores Teodor Currentzis, Fedor Lednev, Reinbert de Leeuw, Roland Kluttig ou Pierre Roullier... As súas obras foron interpretadas pola SWR Orchestra, MusicAeterna, Moscow Symphony Orchestra, J. Futura orchestra, Tatiana Grindenko and Opus Posth, KlangForum Wien, ASKO e Schoenberg ensemble, 2E2M, Kairos quartet, Sonar quartet, Moscow Contemporary Music Ensemble, etc. Recibiu encargas de festivais rusos e europeos, ensambles e fundacións. As súas obras son publicadas por Editions Jobert. www.kourl.ru

Nadir Vassena (Suiza, 1970). Estudou composición con Bruno Zanolini e Johannes Schöllhorn en Friburgo. En 1993 foi seleccionado para participar no curso de composición impartido Brian Ferryhough en Royaumont (Francia). Ten sido invitado a numerosos festivais internacionais e foi gañador de premios de composición nos concursos 1992 *WDR/Cologne*, *Institut für Neue Musik of the Hochschule der Künste de Berlin* (1994) e na *Mozart Competition* de Salzburgo (1997). De 1996 a 2000 as súas composicións foron seleccionadas para a *Gaudeamus Week* de Amsterdam.

En 1999 gaña o premio Christoph Deltz Foundation e no 2000 recibe unha bolsa Akademie Schloss-Solitude en Stuttgart. En 2002/2003 é membro do Instituto Suizo en Roma.

Durante varios anos traballa coa Asociación *Oggimusica* e foi Director Artístico xunto a Mats Scheidegger do *Tage für Neue Musik* en Zúric dende o 2004. Entre 2001 e 2005 é membro da xunta directiva da Asociación de Músicos Suízos. Nadir Vassena é profesor de composición e análises no Conservatorio da Svizerra italiana.

<http://web.ticino.com/nadir/index.html>

Javier G. Compeán (México, 1978). Actualmente exerce o cargo de Coordinador da Escola de Música de León en México, e desenvolve o seu traballo como artista independente, así como profesor de Análise Musical e Materias Teóricas na Universidade de Guanajuato. O seu nome figura no *Diccionario Enciclo-*